

ROUCCO SON

Falamos de rock en galego

Número 1- outubro 2021

Publicación gratuíta

Colle unha!

DIOIVO

ÉPSILON

XUDEF KLAS

DESVIRGHEITORS

MOL

MAIA OXTIA

LÓSTREGOS

BROA





Portada do último álbum de ITH, *Frear o Momento*.

Despois dun ano moi difícil para todos, non hai nada mellor que un pouco de música para deterse un intre, desconectar e desfrutar dun bo momento. Isto é precisamente o que consegue a banda de rock en galego ITH co seu novo disco, titulado precisamente *Frear o Momento*. O quinteto insufla influencias do pop, do rock duro ou do rock alternativo nun estilo desenfadado e accesible á vez que potente e directo, perfecto para recargar as baterías.

A pesar de que os seus membros proceden de diferentes partes de

Galicia, é na parroquia de Xanceda, en Mesía, onde teñen a súa base de operacións. Son polo tanto parte da prolífica escena musical da comarca de Ordes, que inclúe tamén a outros grupos tan coñecidos no panorama coma Machina (cos que teñen colaborado recentemente nunhas sesións en acústico), Zënzar, Kastomä, Superoito, Broa ou Dios Ke Te Crew. En palabras do guitarrista do grupo Miguel Iglesias, na comarca hai “unha especie de caldo de cultivo” ao haber “referentes musicais de distintas xeracións moi cerca uns doutros, o cal é perfecto para que

florezan proxectos musicais”. A pesar de que os grupos son “ben diferentes entre si, hai moitas cousas que nos unen, como a lingua e infinidade de experiencias compartidas”.

Ademais, segundo conta a vocalista da banda, Lucía da Fonte, ensaiar nunha parroquia como Xanceda ten bastantes vantaxes: “sempre temos o local dispoñible a calquera hora e calquera día do ano, pois non o temos que compartir”. E ademais, “non é a primeira vez que, co bo tempo, ensaiamos ao aire libre. Iso é un privilexio enorme” que

non poderían ter de ensaiar no centro dunha cidade, onde ademais a limitación de horarios adoita ser maior. Desprazarse ata o local de ensaio dende outros concellos non é ningún problema para os membros do grupo: “imos falando das nosas tolemias, escoitando as gravacións das novas composicións ou comentando detalles de próximos concertos e/ou anécdotas e, cando te das conta, xa chegaches”, conta Lucía.

O grupo é xa veterano no panorama musical galego, téndose formado a finais da década dos 90. Po-

rén, foi nos últimos sete anos cando sacaron os seus tres traballos de estudio: primeiro *Forte* en 2015, despois *O Mínimo que o Contén Todo* en 2018, e agora súmase este *Frear o Momento*. Estes anos coincidiron cun período de case total estabilidade na formación da banda, que funciona como unha unidade na que todos os membros están implicados no proceso de creación dos temas. Se cabe, agora o grupo está máis activo que nunca, dadas “as ganas coas que retomamos a composición logo de tantos meses sen poder ensaiar”, segundo conta Lucía. Isto fai que o ritmo de produción do grupo estea sendo aínda maior que antes.

A participación de todos os membros do grupo, que teñen formacións e experiencias diferentes, é un dos factores que explica a diversidade de influencias da súa música e o estilo resultante. Porén, no proceso compositivo non tira cada un para un lado, senón que consensúan a composición entre todos, e todos teñen que estar satisfeitos co resultado. Segundo explica a vocalista, “sempre buscamos que os temas nos satisfagan a todas. Se algún non o fai, mandámolo ao que nós denominamos ‘a neveira’. Isto quere dicir que se un tema se nos atranca por algún motivo, porque non nos convence, non nos acaba de soar, a algunha de nós non nos acaba de encher ou o que sexa, mandámolo repousar”. De todos os xeitos, este desterro de temas non sempre é definitivo, xa que “de aí a un tempo retomámolo e atopámoslle unha lóxica musical que nos convenza a todas”, engade.

Agora, co disco xa nas rúas, só queda darlle a xira de presentación que se merece, o aspecto se cadra máis complicado da promoción do

disco dadas as circunstancias actuais. Xa en 2020 tiveron que adiar varias datas, e ao final só puideron tocar en Ourense e en Melide, pero sen público, en ambas ocasións só para o persoal dos locais. O primeiro concerto de presentación do álbum puideron dalo en maio na Sala Rebullón da parroquia de Tameiga en Mos, unha das poucas salas que acoñen eventos deste tipo que seguiron a funcionar dende que comezou a pandemia, no marco da celebración do aniversario da propia sala. “A pesar de teren que estar as persoas sentadas e con máscara”, conta Lucía, “foi un subidón, eu creo que nunca desfrutamos tanto un concerto. Quedamos con moitas ganas de repetir a experiencia!”.

Alén deste directo de presentación só puideron dar un par máis polo momento, nos concellos de Moaña e Baños de Molgas. Porén, son optimistas ao respecto deste tema: “O regreso dos concertos véxoo cada vez máis factible. O sector cultural está demostrando que é un sector seguro, con profesionais responsables que saben e queren facelo ben”, di Lucía. Porén, “para iso precisamos de vontade política, para permitir cada vez máis eventos con todas as garantías sanitarias” e poder así retomar “o que máis botamos de menos”, que son os concertos, ou como lles chaman no grupo, “ir de excursión”.

Frear o Momento está dispoñible nas principais plataformas dixitais de música coma Spotify, Deezer ou Bandcamp, xunto co resto dos discos de estudio da banda, que tamén ten dispoñibles á venda as súas edicións en formato físico. Totalmente recomendables para calquera fan do rock e da música en galego.

Neste terceiro traballo de ITH podemos escoitar a súa persoal mestura de diferentes estilos de rock cantado en galego na súa máxima expresión. Ao longo das súas oito cancións escóitase rock duro, pop, rock alternativo... Todo iso cun especial protagonismo das guitarras e da voz da súa cantante Lucía da Fonte, dando lugar a un traballo con unha técnica impecable pero que á vez é sinxelo e accesible.

O quinteto radicado en Xanceda apostou por continuar a liña do seu anterior disco, *O Mínimo que o Contén Todo* (2018); un traballo breve, con temas de entre tres e cinco minutos ao longo de pouco máis de media hora de duración. O peso da guitarra solista é precisamente unha das características máis representativas do grupo, de xeito que se combinan estruturas propias do pop cuns solos potentes que non estarían desubicados sequera nun disco de metal. En todo caso, os teclados tamén teñen non pouca presenza, dándolle un toque distintivo a varios dos temas.

A pesar de que se trata dun estilo marcadamente melódico, é certo que a banda non tira cara aos clásicos lugares comúns para facer unha canción pegadiza. A sensación que da é que as cancións flúen coas letras, priorizando a expresión do que estas pretenden transmitir. O grupo trata principalmente temas tanto persoais coma sociais; dende as relacións entre adultos e nenos en “Aloumiños que festexan” ou a dor que provoca a enfermidade en “Faísca de cristal”, ata a necesidade da loita e o activismo en “Máis aló” ou a crítica social en “(Des)estimativa”.

Como resultado deste protagonismo do apartado lírico, onde por suposto o feito de que as cancións estean en galego é un valor a ter en conta, este non é un disco co que vaias ter memorizadas e machacadas todas as cancións na primeira escoita. Pola contra, é un dos que se prestan a que lles deas unhas voltas, prestando atención neste caso ao que os de Xanceda teñen que dicir. No referente á gravación, esta correu a cargo de Arturo Vaquero nos Abrigueiro Estudios de Friol, Lugo, coa produción a mans da propia banda. O resultado é un son pulido e equilibrado onde non se bota nada en falta e que complementa perfectamente a un disco destas características.

Non resulta doado destacar unhas cancións sobre outras, pero os dous adiantos que se fixeron do disco antes de que saíra, “Aloumiños que festexan”, co seu videoclip, e a homónima “Frear o momento”, que puidemos catar nun breve video de promoción para redes sociais antes de escoitar a canción enteira, son non en van dous dos temas máis memorables do disco. Tamén poderíamos resaltar entre outras a “O indefendible” ou á enérxica “Sen mirar atrás”. En conclusión, trátase dun disco dinámico e entretido, onde predominan os ritmos animados e bailables pero no que hai espazo para que os instrumentos musicais, nos que por suposto vai incluída a voz, teñan o seu momento para brillar tamén. En esencia, o selo de identidade dunha banda galega cunha dilatada traxectoria pero da que aínda temos moito que esperar, e sempre cumpren co esperado.

Por **Jacobo Mouriño**



ITH en concerto.



DIOIVO COLABORA CON MÉNDEZ FERRÍN NO SEU NOVO TEMA, RETORNO A TAGEN ATA

Dioivo é un dúo de metal procedente de Vigo, que naceu no 2016 poñendo música ao poema de Rosalía de Castro “Sempre pola morte esperas”. Agora, os vigueses atrevense cunha nova adaptación ao metal dunha obra clásica da literatura galega, *Retorno a Tagen Ata* de Xosé Luís Méndez Ferrín. E esta vez conta coa colaboración do propio autor, que lle puxo voz ás narracións da canción. O pasado xaneiro cumpríronse xusto cinco décadas da publicación desta breve pero influente obra, e o grupo decidiu editar este tema, apenas tres meses despois do seu último EP *Dioivo III*, a modo de homenaxe.

A canción foi gravada por Dany Soengas, membro de coñecidos grupos vigueses de metal coma Atreides ou Skydancer, e xa está dispoñible nas principais plataformas dixitais de música, así coma en Youtube nun vídeo gravado por Brais Gómez Salvador nos Estudios Metrópolis de Vigo. O tema mestura as recitacións coa guitarra eléctrica e a batería, e as voces melódicas coas voces raspadas propias do metal máis extremo, dando voz aos diferentes per-

sonaxes da obra. Trata así a historia de Rotbaf Luden, unha rapaza emigrada na Illa de Anafí que volve á súa terra de orixe Tagen Ata, que está baixo o dominio do imperio de Terra Ancha, para coñecer ao célebre poeta da súa terra Ulm Roan. Unha historia que ten suscitado moito interese e análise durante todos estes anos, sendo o libro traducido a idiomas coma o asturiano ou o euskera e mesmo dando lugar a unha das primeiras curtametraxes de ficción realizadas en galego, do mesmo nome e dirixida por Eloy Lozano en 1974.

Ademais de “Retorno a Tagen Ata”, Dioivo ten editados tres discos nos seus cinco anos de existencia, titulados respectivamente *Dioivo* (2016), *Dioivo II* (2019) e *Dioivo III* (2021). Neste último contaron coa colaboración dos vocalistas Dana e Marcos, da banda de folk metal Mileth, no tema “Ferro e xenreira”, e a finais de maio publicaron un videoclip para “Golpe por golpe”. O videoclip foi dirixido por Brais Gómez Salvador, que tamén dirixiu o de “Retorno a Tagen Ata” e o da canción de *Dioivo II* “Lobishomes”.



Xosé Luís Méndez Ferrín



www.cronopioslibros.com

Pontevedra, en Fray Juan de Navarrete, 5 - tel. 986103444
Santiago de Compostela, en Alfredo Brañas, 24 - tel. 88193528

A HISTORIA DO METAL EN GALEGO: Capítulo I (1987-1994)

Abondan os nomes de grandes grupos de folk en galego. Son tamén moreas as bandas de rock, de pop ou de punk expoñentes da música urbana e con senlleiros cantautores. Porén, seguramente non moita xente saiba dicir un par de nos, aínda que a maior parte deles hai que ir buscalos aos estilos máis extremos e menos accesibles. Quizais fose por da escena underground, e que o apoio por parte das institucións ía ser practicamente nulo, era mellor non esforzarse e pesada posible. Isto último, en boa parte, é desgraciadamente certo: son relativamente descoñecidos e a falta de apoios para estes estilos musicais, onde a cousa non está para tirar foguetes. Porén, con cada vez máis bandas na teima de facer metal e



Nesta serie de reportaxes trataremos de poñer en orde unha historia que aínda apenas foi contada. E comezaremos polo principio. Na década dos 80, a época da música metal por excelencia, xa había quizais non moitos, pero si uns cantos grupos deste xénero en Galicia. Porén, estes grupos cantaban principalmente noutras linguas, tanto en castelán coma en inglés. Non empregaban o galego, ou polo menos non realizaron gravacións coñecidas na nosa lingua. A primeira excepción a esta regra veu da man dos lucenses Épsilon, un dos grupos máis veteranos de rock duro e heavy metal do país; a súa segunda maqueta, editada en 1987, incluíu temas coma "Noites de alcohol" ou "O líder". A distribución limitada deste tipo de gravacións fai que sexan difíciles de atopar hoxe en día, e pode que moitas reliquias similares se perderan polo camiño. Por desgracia, a banda disolveuse ese ano antes de poder gravar un álbum propiamente dito, ocasión que non chegaría ata a súa reunión unha década despois.

Quen si tiveron esa oportunidade naqueles anos foron os coruñeses Xudef Klas. Esta banda sacou xa unha canción en galego en 1989, como parte dunha gravación en directo dun concerto que deron ese ano na Guarda. Pola metade da actuación, o líder do grupo, Eduardo Canedo, dirixiuse aos asistentes dun xeito moi revelador: "Alguna vez habeis oído a un grupo como nosotros cantar en galego?", acompañado duns versos do "Galicia sitio distinto" do coñecido grupo de rock vigués Os Resentidos. E, a continuación, o grupo interpretou o seu tema "Galicia amaceirada", unha canción sobre o atraso económico e social que sofre Galicia e que estaba, agora si, na súa lingua propia. O concerto foi editado en casete baixo o título *Lejos del Sabotaje*, cun son obviamente determinado polos medios limitados cos que o grupo contaba nese momento. A banda nacera co obxectivo de tocar música que o resto de artistas da súa cidade non se atrevía a tocar, e de feito foron uns pioneiros no subxénero coñecido coma thrash metal en toda a península. Por esta razón, aínda que chegaron a ter unha considerable atención por parte de medios especializados, non chegaron despegar máis alá, igual que lle ocorreu á maioría das bandas das que vos fa-

Trataremos de poñer en orde unha historia que aínda apenas foi contada



laremos nesta reportaxe. Consequiron editar o LP, *Eutanasia*, en 1992, incluíndo unha versión de estudio de "Galicia amaceirada" que incluso puideron presentar no Luar. Porén, os cambios de formación foron constantes e o grupo remataría por disolverse a finais dos anos 90, logo de sacar un último disco, o CD *Expiración*, en 1998. A súa discografía nunca chegou a ser reeditada, pero circula amplamente por internet, onde a memoria do grupo segue intacta da man de decenas de fans acérrimos que seguen a escoitar e falar sobre o grupo.

Se foi unha banda coruñesa a que pode presumir de ter sacado a primeira canción de metal en galego nun LP, houbo nesa época un grupo de Vigo que non foi menos crucial. Desvirgheitors naceu en 1986 na cidade olívica como grupo de punk, un xénero que xa por aquela época contaba cunha potente escena en Galicia, e na súa demo en casete de 1991, que tivo unha considerable acollida en todo o Estado, incluíron un par de temas na nosa lingua. A pesar de que facían punk, era unha época de mestizaxe, e xa se adiviñaban algúns elementos de metal na súa música. Estes elementos comezaron a facerse moitísimo máis visibles a partir de 1992, ano en que participaron nun recopilatorio estatal contra o servizo militar titulado *Deserción* con dous temas; entre eles, un en galego, titulado "Unha de guerra".

Finalmente, ao ano seguinte editaron o seu primeiro e único LP, titulado *Desvirgheitors*, no que a banda toca xa unha fusión plena entre o chamado hardcore punk e o thrash metal coñecida coma crossover thrash. Este disco foi fundamental non só por ser o primeiro de crossover en Galicia; tamén por incluír non un, se non practicamente a metade dos seus temas na nosa lingua. Cantar en galego seguía sendo algo reivindicativo en si mesmo, pero neste álbum xa non é un elemento de sorpresa nin ornamental, se non que se asenta con comodidade no repertorio dun grupo de metal. As letras de cancións coma "Criaturas", "Pintura rosa", "Acto de fe" ou a regravación de "Unha de guerra", escritas principalmente polo vocalista Xavi Vilar ou pola baixista Pili Dios, expresaban unha fonda crítica social, tratando temas coma o medio ambiente, a

x que cantan ou cantaron nosa lingua. Tamén conta o galego con nomes de grupos de metal galegofalantes. E iso que habelos, hai- que pensaron que, xa que non lles ían facer moito caso máis alá e en ser comerciais e tocar directamente da forma máis agresiva io institucional chega a ser aínda maior cá que sofren o resto de en galego, pode que por fin mude o asunto.




desigualdade de xénero, a relixión ou a guerra, que estaban á altura do revolucionario da súa música. De novo, ao igual que no caso de Xudef Klas, o grupo acabaría esvaecendo co paso dos anos e os seus discos agardan aínda por unha reedición, pero a súa influencia é aínda moi lembrada na escena viguesa e galega.

Falando de mestura entre hardcore punk e thrash metal con temas en galego, temos que falar doutro grupo clave destes anos, de novo procedente da Coruña: Mol. Non é raro que este sexa o perfil de boa parte das bandas pioneiras do metal en galego, xa que o punk sempre levou vantaxe no que a empregar a lingua se referiu, e o thrash fora en boa parte o estilo de moda no underground dos anos oitenta. No caso concreto de Mol, que se inclinaba máis para o lado punk da balanza, a banda editou varias casetes e un sinxelo en vinilo entre 1992 e 1996. A pesar de que non chegaron sacar ningún álbum propiamente dito, a calidade de son destas maquetas é bastante boa en comparación a outras que se editaban na mesma época. A maioría das súas cancións estaban en castelán, pero tiñan temas en galego coma "Mal can che fodera", da casete de 1992 *Niños Estúpidos*, ou a brevísima pero intensa "Prefiro" do sinxelo *Dos Mundos* (1995) e a casete en directo *Ao Vivo* (1996).

A diferenza das outras bandas, Mol seguiu en activo, aínda que erráticamente, máis alá da fin dos anos 90, e mesmo sacaron hai apenas tres anos e pico a gravación completa dun concerto ofrecido en 2009 na Casa das Atochas, un mítico e hoxe extinto Centro Social Autoxestionado da cidade herculina. Ademais, teñen dispoñible toda a súa discografía dixitalizada e nalgúns casos remasterizada na web, algo moi de agradecer para os fans que queiran rememorar unha banda que foi peza clave do punk e o metal de Galicia. De feito, que estas bandas editaran primordialmente en casete quizais contribúe a un certo encanto retro, que retrotrae a unha época na que gravar cintas era o xeito máis doado de compartir música. Nas portadas non

Os grupos de metal cantaban noutras linguas, principalmente inglés e castelán. En 1987 isto cambiou da man de Épsilon



adoitaba faltar un hoxe arcaico "non pagues máis de 400 pesetas"; cousas que poden parecer obsoletas, ao final son signos da pervivencia da música destas bandas co paso do tempo.

Aínda queda un grupo destes anos do que non se pode non falar no que a metal en galego se refire. Porén, a diferenza dos anteriores, este non provén de ningunha das principais cidades galegas, se non da Mariña de Lugo. É Mala Oxtia, unha banda que, coma Desvirgheitors e Mol, practicaba unha mestura entre metal e hardcore, que neste caso se inclina máis cara o estilo que aquí nos ocupa. Só deixaron dúas casetes: *Morro de Noxo!!*, de 1993, e *Mala Oxtia*, do 1994, disolvéndose o ano seguinte.

As dúas gravacións do grupo teñen unha gran importancia non só pola súa calidade, se non por incluír, igual que o LP de Desvirgheitors, preto da metade dos seus temas en galego. O seu primeiro lanzamento comeza cunha demoledora canción de apertura, "Primeira" que destaca polas súas partes a elevada velocidade incluso para os estándares do estilo. Tamén en galego está o tema que da nome ao disco, "Morro de Noxo". Despois, o grupo sorprende con "Maruxiña", unha versión metal da célebre canción popular que todos temos cantado de festa: "Éche un andar miudiño, miudiño, miudiño...". E logo, o disco remata coa caótica "Estarabouzo", palabra que o propio grupo define coma "algo así como ruído, barullo, alboroto". Os memorables riffs de guitarra e as letras cargadas de carraxe e crítica social desta gravación demostran que non facía falla ser de cidade para facer metal de primeira calidade e cun son máis que aceptable, a pesar do formato. A casete homónima que lanzaron ao ano seguinte continúa a liña desta, con temazos en lingua galega coma "O verdadeiro animal", "Revolta", "Tarde, mal e arrastro" ou "Respeito". Tamén en 1994 sacou as súas primeiras gravacións unha banda clave do metal en galego dos anos seguintes: os composteláns Túzaros. Pero esta xa é unha historia para o seguinte capítulo...

A banda coruñesa de black metal Lóstregos acaba de sacar o seu segundo álbum, *Onde Calan os Corazóns, Ruxen as Pedras*, e o recibimento non podería ter sido mellor. Este cuarteto era xa unha das agrupacións máis destacadas do underground galego, cun estilo inzado de elementos folk e inspiración mitolóxica que xa lles levou a tocar por toda a península e fóra dela, participando en festivais tan consagrados (e consagradores) coma o Resurrection Fest de Viveiro ou o Barroselas portugués. Porén, foi en plena pandemia cando gravaron e editaron este terceiro traballo, despois do EP *Alzamento no Norte* (2016) e o álbum *Lendas Baixo o Luar* (2017), que xa ten superado o alcance dos seus predecesores con decenas de miles de visitas en plataformas dixitais e unha gran atención por parte dos medios especializados.

O grupo creouse en 2016, pero dende logo non apareceu da nada. Un dos seus fundadores, o baixista e vocalista Corey, provén de bandas coma Bodybag ou Noitébrega, unha banda pioneira do black metal en galego. O outro membro dende os inicios, o guitarrista e tamén vocalista Iago, tamén toca en Come Back from the Dead, e xunto a Corey tamén ten outras bandas coma Bokluk ou antes Amhra. A Corey e a Iago sumáronse, para a gravación do primeiro álbum, o guitarrista Jesús e o batería Alberto, tamén de Ovakner. A banda é pois unha mostra do mellor da prolífica escena underground coruñesa, tendo os seus integrantes tocado con membros de bandas tan senlleiras coma Machetazo, Dis-hammer, Nashgul ou Black Panda.

Para este álbum, ademais de coa súa discográfica habitual Damnatio ad Bestias, contaron co selo mexicano Vomit Records para unha edición americana, co estatal Vertebrae para unha edición en vinilo, e coa estadounidense Fólkvangr Records para unha edición en casete. Porén, a pesar de contar cunha distribución máis internacional, a boa acollida do álbum está sendo toda unha sorpresa para os membros do grupo. En palabras de Corey, que na banda toca baixo o pseudónimo de C. Lukwos, “non estabamos moi seguros de cómo iría, no disco traballamos moitísimo e fixemos unha maior inversión que outras veces, pero ao ter tantas partes máis experimentais, pensamos que igual non calaba tanto na xente. Pero ao final si, e estamos moi contentos”. Aínda que o disco mantén o estilo característico do grupo, introduce precisamente moitos elementos novos: “era o que saía no momento, fluía todo. Non íamos coa intención de facer un disco máis experimental nin nada. Vese moi ben tamén na variedade dos temas, é unha mestura de todas as influencias que temos”.

O proceso compositivo foi puramente grupal, con Iago e Corey traendo as ideas dos riffs de guitarra baixo e Alberto e Jesús arranxando e dando estrutura ás súas ideas, construíndo sempre as cancións na propia sala de ensaio. Ás veces incluso recorren a ir de ruta xuntos polo monte en busca de inspiración: “logo chegas a casa, colles a guitarra e notas que cargaches as enerxías”, comenta Corey. Esta variedade de aportacións e influencias apreciase especialmente, por exemplo, nos elementos de heavy metal e rock clásico que se poden apreciar nos temas, coma nos solos de guitarra de Jesús ou na batería de Alberto, que veñen en boa parte de tocar estes estilos.

Por outra banda, no ámbito lírico a banda aposta de novo pola temática mitolóxica, moi frecuente en bandas deste estilo en todo o mundo e que tan ben se adapta aos mitos e lendas da cultura popular galega. No caso do

tema “O meigo das pedras”, recorreron a unha figura xa mítica pero moito máis recente do habitual: a do artista ermitaño Man de Camelle, un alemán que viviu boa parte da súa vida en plena natureza na costa de Camariñas. Con esta canción, o grupo leva a súa figura ao black metal, sumándose a outras obras musicais que se inspiraron na vida do célebre anacoreta: dende “Manfred” de Joan Isaac e Ana Belén (2006) ata “Ballena negra” de Leo Jiménez e Diva Satánica (2019), pasando polo álbum *Man* da banda de rock progresivo coruñesa Trac (2016).

O black metal de inspiración pagana de Lóstregos pode parecer relativamente unha rara avis dentro da célebre escena de música extrema coruñesa, pero iso non é nin moito menos un obstáculo. Segundo conta Corey, “nós somos xente moi aberta musicalmente, eu veño de tocar con grupos punk de toda a vida e medrei con esa escena de neocrust que houbo con Ekkaia ou Madame Germen”. Na propia música de Lóstregos “nótase moitas veces esa influencia punk, especialmente neste novo disco, e eu penso que encaixamos nesa escena especialmente pola filosofía que levamos, que é moi semellante a esa ideoloxía totalmente punk e do it yourself, de autoxestión e de facer as cousas nós, por nós mesmos”.

O grupo non se identifican en absoluto, pois, co purismo que moitas veces se ve en estilos coma o black metal. Falando concretamente da mestizaxe musical dos grupos coruñeses, “ao final a todos mólanos mazo o metal, pero tamén tiramos moitas veces polo punk por ese rolo de actitude, de maneira de pensar, de xeito de ver a vida”, di Corey, apuntando que en todo caso “son estilos irmanados, de clase obreira. Logo fóronse comercializando, pero non deixan de ser música reivindicativa, de xente que ten algo que dicir e que está de mala hostia e que ten que desafogarse dalgunha maneira”.

Outro elemento clave na música de Lóstregos é o feito de empregar o galego para as súas letras, unha tendencia á que pouco a pouco se van sumando máis grupos: “é unha boa maneira de reivindicar a nosa lingua, e de dar a coñecer a cultura galega por aí, de estar orgullosos diso”. Ademais, cabe destacar que isto non foi nunca para o grupo un impedimento para achegarse a audiencia de fóra de Galicia, alén de situacións cómicas que relata Corey coma que lles chamen “los tregos” por erro. “A xente entra en sintonía coa música, a escoitan e contan que lles transmitimos a sensación de estar no verde de Galicia, nas montañas, da nosa cultura”, e ademais “enténdese ben o que se di, cáptanse igual as letras e as mensaxes” por parte das persoas castelánfalantes que lles teñen escoitado.

Á espera de que a situación sanitaria mellore e lles permita defender en directo este novo disco, o traballo xa se pode escoitar nas principais plataformas dixitais e adquirir a través do Bandcamp do propio grupo e dos diferentes selos discográficos implicados na súa edición. Dende o estalido da pandemia, non deixaron de saír en Galicia grandes discos de rock e metal, moitos deles en galego, que dan a esperanza de que cando todo isto remate a escena galega saia con mellor saúde que nunca e mesmo reforzada deste trance. E Lóstregos están sendo encargados, xunto a outros grupos do underground, de que o black metal sexa unha parte importante desta efervescencia cultural que segue adiante contra vento e marea. Seguro que *Onde Calan os Corazóns, Ruxen as Pedras* non será nin moito menos o último que escoitaremos deste cuarteto coruñés, que continúa a medrar e a superarse con cada lanzamento.

COA FORZA DO LÓSTREGO





LÓSTREGOS: Onde Calan os Corazóns, Ruxen as Pedras

O novo álbum de Lóstregos é un deses que combinan a perfección o vello co novo. Un álbum que continúa a liña dos anteriores traballos da banda, á vez que introduce elementos novos que lle confiren a súa pegada propia. Con *Onde Calan os Corazóns, Ruxen as Pedras*, Lóstregos confirman que o black metal, incluso nas súas vertentes máis clásicas, aínda ten moitísimo que ofrecer. Seguindo a liña do seu predecesor, *Len-das Baixo o Luar* (2017), o disco componse de catro cancións longas, cun total de 45:32 minutos de duración, permitindo o desenvolvemento dos temas sen que remate por resultar pesado. Os riffs flúen un tras doutro,

e aínda que a música da banda está máis orientada a crear atmosferas envolventes que a desatar unha sucesión frenética de riffs moi elaborados, cada certo tempo aparece motivos que destacan e que moi facilmente quedarán gravados na túa cabeza.

O primeiro tema é “Deidades da noite/Ritos de morte”, que con berros de agonía dá comezo a unha das cancións máis escuras da banda. Nela renden culto ao black metal no máis puro sentido da palabra, aínda que combinado con riffs máis melódicos e con cambios de tempo e compás que lle dan o seu toque. Vén á cabeza a música de Noitébrega, unha banda

pioneira do black metal en galego na que o baixista C. Lukows militou hai anos. Se non tedes escoitado as súas casetes, aproveitade agora que o selo Damnatio Ad Bestias reeditou dúas delas no recopilatorio *Luar e Morte*. Por outra banda, nos case 15 minutos do tema seguinte, “Lamentos no Medulio”, temos o estilo da banda na súa máxima expresión. As letras do grupo versan polo xeral sobre lendas e mitos celtas, e neste caso fan referencia á mítica batalla entre as tropas do Imperio Romano e os pobos que entón habitaban o norte da península ibérica.

Esta canción da paso ao que sen dúbida é un dos mellores temas da banda: “O meigo das pedras”, un tema dinámico e enérxico que mestura melodías memorables con letras para berrar co puño erguido, algo que o grupo xa demostrou saber facer moi ben en temas anteriores coma “Gallaecia” ou “Nas treboadas do norte”. A letra homenaxea a Man de Camelle, o artista ermitaño alemán que se instalou nesa parroquia do concello de Camariñas e que morreu, a lenda di que de tristura, apenas semanas despois de que a catástrofe do prestige atacara a costa onde tiña o seu fogar e destruíra boa parte das súas esculturas; unha figura que continúa tras moitos anos a inspirar a artistas tanto de Galicia coma de fóra dela.

O álbum pecha con “Bisbar que emana do ventre da terra”, na que o grupo incorpora por primeira vez unha influencia inequívoca do doom metal, e que atravesa numerosas pasaxes ata culminar nun dos solos de guitarra de inspiración metaleira clásica que xa son unha característica da banda, e que neste caso estivo a cargo dun colaborador, o guitarrista de Pölisong Diego Díaz. Todo remata cunha poética recitación a cargo de Viti, vocalista de Mordaza, que lle da ao traballo un final á altura.

Todo o álbum en xeral é un percorrido no que múltiples elementos teñen cabida: os interludios folclóricos de rigor, as seccións de teclado que o conectan o disco co black metal máis épico e sinfónico e que estiveron a cargo de Rober Bustabad (membro de bandas tan emblemáticas coma Machetazo e que compartiu banda co batería de Lóstregos en Ovakner), o violoncello a cargo de Saúl Nogarreda de Grupo Fua, a produción característica do xénero... O resultado é fiel ao estilo do grupo, un metal extremo de alta voltaxe que evoca a épica de tempos pasados cun enfoque decididamente galego. Ningún oínte que se atreva con esta mestura quedará decepcionado.



Broa preséntase ao mundo con este primeiro álbum, once cancións entre o rock e o metal alternativo, con elementos mesmo de stoner rock ou post-hardcore, e por suposto cantadas en galego. O trío de Cerceda vén pisando forte, cun disco que os sitúa inmediatamente xunto a nomes tan consolidados do estilo en Galicia coma Arrythmia, Raiba, Aphonnic, Bala, Nao ou Machina.

Trátase dun disco melódico, onde entre os riffs e os ritmos da batería destacan estrofas e retrousos pegadizos que o converten nun álbum accesible dentro do estilo. Este enfoque pode apreciarse especialmente en cancións coma “Nas mareas estreleiras” ou “Sairá o sol”, esta última coa colaboración do cantante de Nao, Jasper, que lle remata de conferir ese carácter de himno de festival galego que podería petalo no seguinte Revenidas ou SonRías Baixas. As letras de temática social e reivindicativa que vemos nestes dous temas son unha tónica xeral do disco; destaca tamén a outra colaboración do disco, “Fillos de Sharón” co rapeiro Moudafaka, de Alto Asalto, na que denuncian a situación que sofre o pobo Palestino. Porén, tamén hai oco para temáticas máis persoais en cancións coma “Enteira para ti”, unha de amor en toda regra.

A pesar desa énfase nas melodías vocais e as letras, cancións coma “Prende as cadeas”, “Caio”, ou a que abre o disco, “Liberatio”, tamén inclúen riffs pesados que lle dan ao álbum esa conexión co stoner e o metal alternativo propiamente dito. Pero é sobre todo en “Cucú”, o sinxelo homónimo acompañado de videoclip que foi o primeiro avance do disco xa en 2019, onde se sintetizan todos os elementos anteriormente descritos, un rock alternativo potente e melódico que trae reminiscencias de Machina e dos últimos discos de Nao pero, como non podía ser doutra maneira, cun estilo propio.

En conclusión, Cucú é un traballo moi completo, onde a experiencia dos seus membros conflúe recollendo a tradición do rock e o metal alternativo galego. As súas once cancións, que en total suman 43 minutos, pásanse a testemuña entre si de xeito dinámico, sen chegar a repetir e coroadas por unha produción coitada e chea de detalles que enriquecen as composicións; dobre mérito para o grupo, tendo en conta que foi gravado polo batería, Mahi, nos seus novos Cimática Estudios e producido por eles mesmos. Unha opera prima sen dúbida prometedora que xa agarda pola súa continuación.

CUCÚ



“Cerceda ten boa parte de responsabilidade da escena que hai na comarca de Ordes”

O concello de Cerceda segue a estar no centro do mapa do rock en Galicia. Proba disto son Broa, un trío que, a pesar da súa breve traxectoria, tendo nacido hai apenas tres anos, xa ten na rúa un álbum moi ben recibido tanto polo público como pola crítica. Titúlase *Cucú*, e fíxolles merecedores do Premio Martín Códax da Música na categoría de metal, entre outros. Iso si, hai truco, pois os membros da banda veñen de agrupacións tan recoñecidas coma Machina, Morgen ou Ruxe Ruxe.

A pesar de que *Cucú* saíu en 2020, e a canción que da título ao disco veu a luz coma adianto xa a finais de 2019, a pandemia de covid-19 trunhou os seus plans para presentalo en directo como tocaba, como xa todos sabemos. Non foi ata maio deste ano cando puideron, despois de ter que adiar varias veces a data, subirse por fin ás táboas da Sala Rebullón en Mos, unha das poucas que mantivo unha certa actividade ao longo do último ano, con esta fin.

O cantante e guitarrista da banda, Gonzalo, é cauteloso respecto de cando poderá cambiar este pano-

rama: “A situación evidentemente mellorou, pero todo o relacionado coa música en directo déixase para o final”. “Si que se van improvisando algúns festivais en formatos algo diferentes, sobre todo os festivais máis profesionalizados”, afirma. Porén, o problema disto é que “chegar a ese tipo de cousas é difícil, xa teñen unha lista de espera larga”. Así que, para sacar proveito destas circunstancias, o frontman da banda conta que “xa está na nosa cabeza ir preparando novo material, aínda non está totalmente encauzado, pero así aproveitamos este impasse”. Polo momento, o trío xa volveu ao estudio hai pouco para gravar a súa participación no tributo a Ruxe Ruxe *25 Anos Ruxindo*, no que 32 artistas versionaron cancións do mítico grupo galego polo seu 25 aniversario.

Dende logo, a pesar das ganas por presentar a súa música en directo por Galicia adiante, unha das cousas que destacan de Broa é o seu vencello coa súa Cerceda. De feito, o seu álbum foi gravado no propio concello, no Cimática Studio que leva o batería do grupo, Mahi. Nos seus outros proxectos, os membros de Broa tenderon

a optar por estudos máis consolidados, así que tiñan as ganas de probar esta vez a facelo na casa, e xa se sabe que, polo xeral, como na casa, en ningún sitio. En palabras de Gonzalo, “isto permitiunos cousas que fóra da casa non podes facer, basicamente por orzamento”. Esta aposta por gravarse e producirse a si mesmos permitiu ao grupo “probar un montón de cousas, adicarlle un montón de horas...”. Tamén “rompernos moito a cabeza e entrar en bucle, aínda que iso non é moi recomendable”, bromea o guitarrista e vocalista. Visto o éxito do son de *Cucú*, son varios os grupos, coma Superoito, Lóstreghe, Fillo Corvo ou Acouga, que xa optaron por gravar tamén nos estudos Cimática. E é que Cerceda xa leva tempo ocupando un lugar destacado no mapa do rock do país.

A escena musical do conxunto da comarca de Ordes conta cun número relativamente elevado de nomes que son verdadeiros expoñentes da música galega de diferentes estilos, entre eles o rock. “Boa parte desa responsabilidade a ten a nosa vila, Cerceda”, conta con orgullo Gonzalo, xa que “a finais dos anos 80 comezouse

a facer un festival de rock, xa que había varias bandas de rock na vila, e aínda que xa non se fai durou bastante tempo”. Isto supuxo “un aliciente importante para que se formasen máis bandas”, xa que “sempre coñecías a alguén que tocaba nalgunha, xa fose en Zénzar, en Desertores do Arado... entón a túa meta era tocar no festival”. En consecuencia, tamén proliferaron os pubs e salas onde se facían concertos alén dese Festival Rock de Cerceda, e a faísca prendeu tamén no resto de vilas da comarca.

Todo isto foi en boa parte grazas ao boca a boca e ao apoio mutuo entre os grupos, onde os máis veteranos, que xa conseguían cotas tan destacables daquelas coma pode ser sacar un disco, aconsellaban e servían de modelo aos novos. Porén, “foi algo que foi desaparecendo, e hoxe xa non hai apenas locais onde tocar, aínda que siga habendo bandas vivas. Pero moitos vimos xa reciclados doutras bandas anteriores”, apunta Gonzalo.

Porén, aínda que a escena da comarca de Ordes non esatea vivindo o seu momento de maior efervescencia mu-

sical en palabras do de Broa, non cabe dúbida que os estilos nos que se move o grupo, coma o rock alternativo ou o metal, seguen a ter bastante forza no conxunto da escena galega. E parece que ten futuro. “Están saíndo bandas, coma Nuada ou Teima, de xente nova que está facendo proxectos moi serios”, e “aínda que non haxa unha escena tan xeográfica, as redes sociais permiten que poidamos interactuar e conectar entre nós”. Queda como referencia o éxito obtido nos últimos anos por bandas coma Nao, referencia obrigada, cuxo vocalista, Jasper, fai unha aparición nun dos temas de *Cucú*.

Seguro que a medida que a música volve á normalidade despois do paréntese no que leva inmersa dende que estalou a pandemia, o rock saído de Cerceda de Broa volve a tomar Galicia por asalto, xunto a tantas outras bandas que a pesar das dificultades seguen a facer escena. En *Cucú* atopamos todos os ingredientes que precisa para triunfar unha receta coma esta, simple pero efectiva, coma a da broa. Unha nova fornada, como eles mesmos din, saída das chemineas fumantes de Cerceda.





SALA REBULLÓN



A Sala Rebullón, na parroquia mosense de Tameiga, é un oasis de música en directo que estivo en funcionamento incluso durante boa parte do tempo que levamos de pandemia. Sendo parte do Centro Social, Cultural e Deportivo As Pedriñas, coa Comunidade de Montes detrás, o seu status aforroulle moitas das limitacións que sufriron as salas consideradas establecementos de ocio nocturno, e dende a Rebullón aproveitaron a situación para apoiar ao máximo posible a escena musical. E moi especialmente, a da música en galego, cunha oferta moi diversa na que estilos coma o rock tiveron ademais un papel moi destacado. Falamos con Cao de Mos, que leva catro anos á fronte da programación da sala, para que nos conte como resistiron durante todo este tempo facendo concertos da máxima calidade sempre que as circunstancias o permitiron.

A Sala Rebullón é unha desas que sorprenden a calquera, unha sala totalmente profesional e cun son espectacular en medio do monte de Mos. Déixate preguntándote, isto de onde saíu? Cales foron as súas orixes?

Cando entramos xente nova na Comunidade de Montes de Tameiga, eramos a xente que faciamos aquí en Mos o Festival Rebumbio. E como xa estaba proxectada a ampliación do edificio da asociación veciñal cun espazo multiusos, decidimos enfocar ese espazo a concertos, teatro, e demais. Foi cando recibimos os cartos do que se nos expropiou para a construción da autopista. O edificio da asociación xa levaba 25-30 anos aberto, e con isto xa quedou rematado.

Supoño que suporía unha inversión moi considerable facer unha sala así.

Inversión en equipo non fixemos moita, porque temos a Alfonso Eskey, que nos aluga o seu equipo e fai o traballo de técnico. O que si foi un pastizal foi acondicionar acustica-

“Parou todo, pero cando nos confinaron todo o mundo precisou cultura”

mente a sala. De feito, “cargáronse” o espazo de media sala para facela soar mellor.

Sodes un dos poucos sitios da zona de Vigo onde se seguen a facer concertos case ininterrumpidamente a pesar da pandemia. Por que?

Ao ser un centro cultural, a nosa obriga moral e ética era seguir facendo cultura. Porque parou todo, pero cando nos confinaron todo o mundo precisou cultura: libros, cinema ou calquera cousa. Nós consideramos a cultura un ben esencial, e temos que ofrecerlla a xente. Sen cultura, onde imos?

A vosa programación é moi diversa, pero destaca a importancia que ten a música en galego. Foi casual, ou tedes un filtro máis ou menos estrito sobre quen toca na sala?

É a filosofía da sala, tentar apoiar ao máximo a música galega e en galego. De feito, aspiramos a non ter que cobrar alugueiro aos grupos galegos, que isto sexa para eles un espazo para expresarse. Polo momento aínda non o podemos facer, porque isto supón un patizal, pero é ao que aspiramos. Xa era a nosa filosofía dende que faciamos o Rebumbio.

A pandemia fixo que vos solicitasen máis concertos, ou pola contra notades que se reduciu o número de grupos dispostos a tocar en directo nestas circunstancias?

Notamos que nos escriben moito máis para solicitar información, especialmente dende fóra, do resto do Estado. Realmente, 2020 ía ser o ano no que íamos despegar como sala, ti-

ñamos unha programación con bastantes pepinazos. Rodrigo Cuevas, Stoned Jesus, Tanxugueiras... Logo veu a pandemia e xa se sabe, tirouno todo abaixo. Pero ao final, aínda que non me guste dicilo, parece que nos vai vir ben. Fumos a única sala da que se falaba porque era a única que seguía programando, porque eramos os únicos que podíamos facelo. O que nos salva é ser un centro cultural e poder invertir en cultura. Realmente, se comezas a sumar, abrir a sala son 600 ou 700 euros por concerto, entre persoal, seguridade, camareiro... e o meu traballo xa nin se contabiliza economicamente. É inviable para calquera facer iso, co aforo que se tiña que cumprir. A ver agora como saímos desta era...

Tedes incluso feito algún concerto ao aire libre, coma o de Ruxe Ruxe e Sonoro Maxín. Como foi a experiencia?

Foi case unha volta á normalidade, case parecía un medio-festival (risas). Tendo o espazo que temos... Iso si, é moi complicado, porque a xente pensa “pois podo velo dende fóra e así xa non pago”. Pero a verdade é que mola un montón e se fai bo tempo da moita vida. Vías á xente bailar aínda máis dende as súas cadeiras.

Como vos inflúe o feito de estar en Mos e non nunha das grandes cidades galegas?

Notamos que a xente de fóra de Galicia non ten nin idea de onde queda Mos, e moitos intentan poñer Vigo no cartel do concerto. Non, Vigo non, Mos, perdoa. Tivemos algún cristo por este tema con algún manager, ata o punto de dicir “pois


non se fai o concerto”. “É que nos interesa poñer Vigo”, din... Nós estamos reivindicando o noso concello, se che interesa poñer Vigo, vai a unha sala de Vigo. Logo tamén hai que ter en conta, polo de ter feito antes o Rebumbio, que os grupos galegos aquí en Mos xa teñen o seu público. Eu creo que un grupo galego mete máis xente en Mos que en Vigo agora. Agora e antes, realmente, porque moita da xente que viña a Vigo a ver concertos de música galega era xente de fóra de Vigo. Así que ao final non é moito problema. Ademais, estamos a dez minutos do centro de Vigo, non é nada.

Un dos vosos selos de identidade é ser unha asociación veciñal e cultural, e parte da Comunidade de Montes. Que importancia ten para vós o voso funcionamento asemblear?

O funcionamento asemblear da Comunidade de Montes, é que ten que ser así. É algo que xa vén dos pobos xermánicos, que xa xestionaban así os monte comunais. Para nós é o mellor sistema que hai. Logo no tema da sala xa non é tan asemblear porque estou que son o vicepresidente para levar isto, que o resto da directiva xa ten bastante choio (risas).

A sala ten acollido festivais de ámbito underground, coma o festival de metal extremo Napalm Fest. Nótase moita diferenza entre os grupos máis underground e os grupos máis profesionais e grandes, a nivel de ambiente, relación coa xente da sala...?

O que máis mola e cando se xuntan colectivos nun festival, coma o Napalm, ou o que faciamos de reggae. É outro rolo. A verdade é que nesta sala temos un público que é increíble. Cae unha copa e non fai falla mandar ninguén a limpar porque xa o limpa a xente no momento (risas). O ambiente que hai nesta sala non o atopas en ningunha outra sala de Galicia. Xa imos collendo un público fiel e acabas coñecendo a todo o mundo. E a xente valora moito o feito de que sexa un rolo non profesional, pero feito dende o corazón.



Cao de Mos, programador da Sala Rebullón

**¡Practica y mejora
tu inglés!**

Inglés on-line

CONSIGUE OPORTUNIDADES INTERNACIONALES.

TRABAJO • ESTUDIOS • VIAJES

Prácticas individuales de inglés on-line en la comodidad de tu casa.

Mejora tu pronunciación en conversaciones reales y con vocabulario del día a día.

Estudiantes | Negocios | Viajes | Profesionales | Empresas

ZOOM • MEET • TEAM • SKYPE

Inglés on-line



📞 6 66 62 65 94

✉ larre.ingles@gmail.com



Música emerxente e en galego, asignatura pendente do Son do Camiño

O Monte do Gozo acolleu ao longo dos pasados xullo e agosto a celebración do Son do Camiño Perseidas, un ciclo de 11 concertos cun total de 18 artistas. Con este novo formato, os organizadores do Son do Camiño adaptáronse á situación actual, e para iso contaron con nomes estatais e internacionais da talla de Rozalén, Camilo, Estopa, Rafael, Loquillo ou Melendi. Porén, a pesar do ecléctico do cartel, moitos se preguntaron ao velo: onde están os artistas emerxentes de Galicia, e especialmente, onde está a música en galego?

É certo que o Perseidas está a contar con varios artistas de procedencia galega, coma Pablo Lesuit, Andrés Suárez, Xoel López ou Furious Monkey House, e mesmo con algunha cantante que emprega principalmente ou de cando en vez a lingua galega, coma Guadi Galego ou a concursante de OT 2018 Sabela Ramil. Pero isto non evita a sensación de que se trata apenas dunha excepción. Ademais, trátase polo xeral dos artistas galegos máis consolidados do panorama, e aínda así na maioría dos casos cumpren a función de ser teloneiros de artistas máis grandes. En todo caso, cinco dos nomes grandes do festival ficaron sen artista que os introduza, e outros dous contan para iso con xente de fora de Galicia, como é o caso da bilbaína Maren ou o malagueño David Rees.

Que opinan as bandas emerxentes de música en galego desta situación? Por unha banda, para a vocalista do grupo de rock en galego Ith, Lucía da Fonte, isto é “nada novo baixo o sol”. “O obxectivo principal nestes eventos vese que é bater récords de afluencia, e non tanto ser o espello da cultura do país ou do descubrimento de propostas musicais que poidan sorprender dalgún xeito, e que igual non son tan coñecidas”, apunta a vocalista, e polo tanto “difícilmente contribúen a afastarse da endogamia”. “A administración sábeo e así o quere”, sen tencia.

Por outra banda, Gonzalo Grela, o guitarrista e cantante do grupo de metal alternativo Broa, procedentes de Cereda e que tamén empregan o galego nas súas letras, incide tamén nesta dirección. “Entendo que por detrás hai empresas que se adican a isto, pero creo que cando hai cartos públicos ten que

haber unha porcentaxe alta de música do país e ademais na propia lingua, debería ser un criterio fundamental para concertos deste tipo”, comenta.

En referencia a edicións anteriores do festival propiamente dito, apunta de todos os xeitos que “tiñan un cartaz, tendo igualmente moi pouca sensibilidade cos artistas do país, máis propio dun festival grande que pode haber en calquera parte do Estado”, criticando a presenza de “algún nome que hai por aí que non entendo nada, paréceme xente de radiofórmula que non pinta nada nun festival así”.

Un estilo menos frecuente neste tipo de festivais é o que practica o coruñés Corey coa súa banda de black metal en galego Lóstregos. O vocalista e baixista apunta que é “super importante que se aposte polas bandas de aquí e especialmente polos grupos que cantan en galego, porque ao final é o que mantén viva á nosa lingua, que se fale e que se empregue na música e en calquera tipo de arte, e debería ser primordial”. “Evidentemente”, recoñece, “os artistas grandes son os que moven máis xente, pero se pode tamén apostar por grupos locais que poidan acompañar a eses artistas, facerse un nome, aspirar a máis e subir máis para arriba. E así, a música en galego faríase moito máis popular”. Fai referencia a ausencia de teloneiros para varios dos artistas principais, ocos que se poderían ter empregado para dar a coñecer a novos artistas galegos.

Corey pon como exemplo o sucedido co festival coruñés Noroeste, celebrado dende mediados dos oitenta no marco das Festas de María Pita: “antes o Cencello gastaba un montón en traer artistas, e logo a proposta cambiou, comezaron a facer concertos pequenos por toda a cidade con bandas de aquí, e logo traendo algún artista grande. E iso é o que hai que facer, apostar polos grupos de aquí, polos rapaces de aquí”.

A pesar do variado do Son do Camiño Perseidas, cun cartaz con artistas de diversos estilos, é certo que moitos outros non están representados, como é o caso do metal. Isto é algo que grandes festivais coma o Primavera Sound xa levan anos solucionando, incluíndo a grupos de música extrema no mesmo cartel

ca o indie, o pop ou a música urbana con gran éxito, diversificando así o seu público e obtendo beneficios. “Se a música é boa, que máis da a etiqueta que lle poñas? Pódese disfrutar igualmente cunha canción de Oasis que cunha de Dark Funeral”, afirma Corey ao respecto.

Estas críticas, por suposto, non son exclusivas ao Son do Camiño Perseidas. É unha reclamación habitual que se ten feito a concertos de formato similar coma o Festival TerraCeo de Vigo. Este ano, o ciclo de concertos no auditorio Mar de Vigo comezou a incorporar máis artistas galegos ao cartel, pero os teloneiros moitas veces nin son mencionados na publicidade do mesmo, e a lingua galega segue estando en boa parte ausente.

Tamén sufriron as mesmas críticas eventos coma o Morriña Fest de Culledro, que só contou cun teloneiro procedente de Galicia, os o dúo de punk acústico en inglés True Mountains; ou o Pasatempo de Betanzos, que só contou cos teloneiros tamén coruñeses La Banda del Camión, que cantan en castelán. Nin rastro, polo tanto, de música na nosa lingua. Esta situación ten despertado numerosas críticas, burlas e bromas en redes sociais, que apuntaron á contradición que isto supón co perfil galego e de proximidade que estes festivais intentan ter na súa imaxe de marca.

Haberá que agardar ás seguintes edicións para ver se as administracións toman nota destas cuestións e incorporan a máis grupos galegos e en galego aos festivais. Polo momento, o violinista Ara Malikian, o rock de Loquillo, a rumba de Estopa ou o indie de IZAL ficaron sen un acompañante galego que poida impulsar e valorizar a música feita aquí, que é o único xeito de que se faga tan coñecida coma a dos artistas internacionais.

A diversidade musical parece ser un horizonte claro de boa parte dos grandes festivais de música e isto pode ser algo moi positivo, e sen dúbida foi moi aplaudida a confirmación de moitos dos artistas máis destacados do Son do Camiño Perseidas. Porén, para moitos esta diversidade non está completa se non se inclúe, de xeito non cosmético se non plenamente integrado, a música de base que se está a facer en Galicia e na súa lingua propia.